

CANGAS

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local en data do 10 de setembro de 2012, ao amparo do artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenis e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo Concello de Cangas, publicada no BOP nº 38 de data do 23/02/2012, e ao amparo dos artigos 41 e 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acordou:

Primeiro.—A aprobación do prezo publico para a REALIZACIÓN DE OBRADOIROS E CURSOS PARA PERSOAS MAIORES E OUTROS COLECTIVOS NO PERÍODO 2012/2013 segundo o seguinte:

- a) 30, 00 € por obradoiro de pintura, corte e confección, ioga-relaxación, bolillos, informática, bailes de salón e memoria, para as persoas maiores. A pagar en tres prazos. 1º pago (10,00 €) coa inscrición, 2º pago (10,00 €) xaneiro de 2013, 3º pago (10,00 €) abril 2013.

As condicións que teñen que cumprir as persoas que queiran incribirse é estar empadroadas en Cangas, ter máis de 55 anos e acreditar ser pensionista ou carecer de rendas ou que estas sexan inferiores o salario mínimo interprofesional.

- b) 30,00 € obradoiro de Ximnasia para o colectivo de mulleres pertencentes a asociacións de mulleres inscritas no rexistro municipal de asociacións. A pagar en tres prazos. 1º pago (10,00 €) coa inscrición, 2º pago (10,00 €) xaneiro de 2013, 3º pago (10,00 €) abril 2013.

As condicións que teñen que cumprir as persoas que queiran inscribirse é estar empadroados en Cangas e pertencer a unha asociación de mulleres inscrita no rexistro Municipal de asociacións.

As persoas maiores solicitantes das actividades poderán optar a unha bonificación sobre a taxa establecida en base a cumprir unha serie de requisitos. O criterio a ter en conta será a situación económica do solicitante e o seu conxuxe ou parella. Para ter dereito a esta bonificación as persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude xunto coa documentación requirida e no prazo establecido. Dita documentación servirá de base para realizar o cálculo dos ingresos mensuais tendo en conta tódolos ingresos do solicitante e conxuxe ou parella, que comprenderán pensións e prestacións de previsión social (calquera que sexa o seu rexime), rendementos do traballo, rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

A renda per cápita mensual determinará a bonificación e a taxa a pagar, segundo o seguinte cadro:

<i>Ingresos en relación ao IPREM (532,51 €)</i>	<i>Bonificación</i>	<i>Copago</i>	<i>Taxa final</i>
Mayor do 2,5 do IPREM (1.331,275 €)	0%	100%	30,00 €
Entre o 2 e o 2,5 do IPREM (De 1.065,02 € ata 1.331,274 €)	30%	70%	21,00 €
Entre o 1,50 e o 2 do IPREM (De 798,76 € ata 1.065,01 €)	50%	50%	15 ,00 €
Entre o 0,80 e o 1,5 do IPREM (De 426,00 € a 798,75 €)	66%	33%	10,00 €
Menor do 0,80 do IPREM (426,00 €)	100%	0%	0,00 €

Segundo.—Publicar o acordo que se adopte no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cangas e anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra.

Terceiro.—Considerar que o importe do prezo público entrará en vigor no momento da súa publicación no BOP.

Cangas, 26 de setembro de 2012.—A Alcaldesa en funcións, Berta Pérez Hernández.

2012009234

* * *